



BASES REGULADORAS DE INSCRIPCIÓN NOS CAMPAMENTOS SEMANA SANTA 2023

As presentes bases regularan o proceso de inscrición nos 'Campamentos de Semana Santa' que terán lugar **os días 3, 4, 5 e 10 de abril de 2023** organizadas polo Concello de Barbadás e o acceso ao mesmo.

Trátase dunha actividade lúdica que ten como obxecto dinamizar a participación dos nenos e nenas do municipio e conciliar a vida familiar e laboral na que se desenvolverán actividades como traballos manuais, xogos, cine, e saídas, etc.

As xornadas serán de 5 horas de duración en horario de 9.00 a 14.00 horas da mañá.

O 10 de abril realizarase unha excursión a Allariz para visitar as instalacións da Asociación ANDREA. Os participantes realizarán un percorrido polas instalacións do único Centro de Asinomediación e Terapia Asistida con burros de España subvencionado con fondos Europeos, bioconstruído con materiais ecolóxicos respectuosos co medio ambiente e as persoas, e onde se utilizan diferentes fontes renovables de enerxía como alternativa ecolóxica a outras fontes máis contaminantes.

Durante a visita daranse unhas pautas básicas de achegamento aos animais (con conceptos sinxelos sobre a etoloxía do burro) para poder interactuar con eles dun xeito lúdico e seguro. Os nenos/as poderán acaricialos, cepillalos, fotografarse con eles, ou simplemente gozar da súa compañía, fonte inesgotable de cariño e tenrura.

O realizarase en autobús e no memos horario que o campamento.

NÚMERO DE PRAZAS E GRUPOS

- Ofértanse:
 - **25 prazas** para nenos e nenas con idades **de 3 a 6 anos** (ámbolos dous incluídos)
 - **25 prazas** para nenos e nenas con idades **de 7 a 12 anos** (ámbolos dous incluídos)
- Respecto da adxudicación de prazas, será requisito indispensable cumprir cos criterios de idade.
- A adxudicación das prazas realizarase de forma directa se o número de solicitudes é inferior ao número de prazas que se ofertan.



Concello de Barbadás

- No suposto de que o número de solicitudes sexa superior ó número de prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase tendo en conta os seguintes requisitos:
 1. Que o/a menor esté empadroad/a no concello de Barbadás.
 2. Os/as proxenitores/as estean traballando no período solicitado de realización da actividade.
- Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado obtido o 23 de febreiro de 2023 do Sorteio anual para resolver o empate do curso 2023/2024 o que fai referencia o artigo 34 da orde do 21 de outubro de 2022.

Para resolver o empate, terase en conta o número **0,69**, resultante do sorteo público, dividido entre 100 (69/100).
Este número multiplicarase polo número de solicitudes empatadas, e o resultado da multiplicación redondearase á alza.
O número enteiro obtido determinará a solicitude que ocupará o primeiro lugar seguindo a orde do número de rexistro das solicitudes.
- É obrigatoria a asistencia; dúas faltas sen xustificar darán lugar á baixa na actividade.
- Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia o xustificante médico por enfermidade ou ingreso do/a neno/a ou de familiar co que conviva.

PRAZO DE INSCRICIÓN E ADXUDICACIÓN

- O **prazo de inscrición** será **do 20 ao 24 de marzo de 2023** (ámbolos dous incluídos).
- O **martes, 28 de marzo** publicarase a **listaxe de admitidos** para a actividade.
- As solicitudes fóra do prazo sinalado estarán suxeitas á existencia de prazas libres.
- As inscricións realizaranse por unha das seguintes formas:
 - De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás: <https://barbadas.sedelectronica.gal>.
 - De forma presencial no rexistro (Casa do Concello 988360000, Oficinas A Valenzá 988393168).
 - E en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.8.
- A inscrición é de balde.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Deberá presentarse o **modelo de solicitude debidamente cumprimentado** e a seguinte documentación:

- No caso de traballadores por conta allea: certificado da empresa en que se acredite o seu horario laboral.



Concello de Barbadás

- No caso de traballadores por conta propia (autónomos) : declaración xurada do profesional que traballa por conta propia con indicación da xornada laboral, e o último recibo en vigor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- No caso de que o/a menor conviva só cun dos seus proxenitores e non sexa familia monoparental:deberán achegar, ademais do anterior, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou medidas paterno-filiais nas que se especifique o proxenitor o que pertence a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais:deberán achegar ademais do anterior libro de familia.
- No caso de que non exista vínculo matrimonial, e ambos proxenitores convivan co menor:deberán achegar, ademais do anterior, certificado de convivencia expedido polo Concello correspondente.

Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

HORARIO DE ACTIVIDADE

Esta actividade terá lugar no Espazo Infantil (Parque da Solaina, A Valenzá) en horario de 9.00 á 14.00 horas da mañá os días 3, 4,5 e 10 de abril.

ORGANIZA

Concellaría de Educación

Tel: 988246885

E-mail: educacion@barbadas.es

[http:// www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)